

BASES DE SELECCIÓN DE ALUMNADO TRABALLADOR/A E DO PERSOAL DIRECTIVO-DOCENTE- E DE APOIO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “OBRADOIRO FORESTAL LAMBRE- MANDEO 2026”

1.- Obxecto da convocatoria, normas xerais e principios de actuación

O obradoiro dual de emprego "OBRADOIRO FORESTAL LAMBRE- MANDEO 2026" é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, de dezaoto ou máis anos de idade, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten ao alumnado participante a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co devandito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo.

Este obradoiro está cofinanciado pola Comunidade Autónoma de Galicia, ao abeiro da *Orde do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais e emprego da comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR353A)*, publicada no DOG núm. 228 do 25/11/2025, e promovido polo Concello de Aranga mediante convenio cos concellos de Vilarmaior, Monfero e Irixoa.

Respéctanse o establecido na Resolución de concesión da subvención, de data 17/04/2026 e con número d e expediente TR353A-2025/000026-1, e as Instrucións de data 17/04/2026 da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego sobre e en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio, así como do alumnado traballador dos Obradoiros duais de emprego, para a Convocatoria 2026-2027.

As especialidade a impartir é a seguinte:

AGAR 0309: Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (Nivel I) (20 alumnos/as)

O obradoiro terá unha duración de 9 meses e formará a 20 alumnos/as traballadores/as, coa seguinte distribución por concellos:

- Concello de Aranga: 5 alumnos/as
- Concello de Irixoa: 5 alumnos/as
- Concello de Monfero: 5 alumnos/as
- Concello de Vilarmaior: 5 alumnos/as

No caso de que en algún dos concellos non se chegue a 5 alumnos seleccionados, contratarase ao candidato de maior puntuación de calquera dos outros concellos que participan no proxecto.

As actuacións a realizar son as seguintes:

Concello de Aranga

- Conservación e mellora área forestal Mirador do Vieiro
- Área recreativa fluvial de Ponte Aranga
- Área deportiva (Aranga)

Concello de Irixoa

- Conservación e mellora ruta forestal SM-06: Veiga do Mandeo-Xielas
- Conservación e mellora área forestal SM-07: Xielas-Ambalasaguas
- Conservación e mellora ruta forestal SM-09: As Pías-A Zarzo
- Conservación área A Viña
- Conservación área A Graña
- Conservación área Pazo Irixoa

Concello de Monfero

- Conservación e mellora área verde-zona forestal perimetral Monasterio de Monfero

Concello de Vilarmajor

- Área recreativa e senda fluvial Muíño das Ferreñas
- Área recreativa Armada
- Área recreativa Torres
- Área recreativa O Tres
- Área social de Doroña
- Área social Grandal
- Área social Casa de Cultura

A selección do alumnado-traballador, participante no proxecto que se vai a poñer en funcionamento será realizada pola entidade promotora mediante un procedemento específico atendendo ás prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e non discriminación.

O órgano de selección do proceso actuará sempre de acordo aos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación.

Así mesmo, as ditas actuacións cumprirán cos requisitos mínimos e cos criterios de preferencia establecidos nas correspondentes ordes de convocatoria e demais instrucións.

Para a xestión e desenvolvemento do obradoiro seleccionárase ao seguinte persoal para o obradoiro de emprego:

- 1 director/a (xornada completa)
- 2 mestres da especialidade Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (xornada completa)
- 2 mestre/s de formación complementaria (ensino básico-titor/xestión empresarial) (ao 50 % da xornada)
- 1 auxiliar administrativo (ao 50 % da xornada)

A selección do persoal directivo e docente de apoio participante no proxecto será realizada pola entidade promotora mediante procedemento específico atendendo ás prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade,

O órgano de selección actuará sempre de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación.

Os seleccionados serán nomeados funcionarios interinos de execución do programa de carácter temporal, para a xestión e desenvolvemento do obradoiro, cunha duración de nove meses, formalizándose a finalización de la relación de interinidade, cando finalice o prazo autorizado recollido no seu nomeamento.

2.- Publicidade do proceso:

As presentes bases reguladoras do proceso de selección do alumnado-traballador, unha vez aprobadas pola entidade promotora, expóñense no taboleiro de anuncios do Concello de Aranga e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Aranga (<https://sede.aranga.gal>) así como nos taboleiros dos concellos de Vilarmaior, Monfero e Irixoa. Ademais enviarase á oficina de emprego e tamén serán remitidas á Xefatura Territorial correspondente.

Todas as fases do proceso se darán a coñecer no taboleiro de anuncios do concello de Aranga e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Aranga (<https://sede.aranga.gal>) así como nos taboleiros dos concellos de Vilarmaior, Monfero e Irixoa.

Rematado o procedemento de selección, a entidade promotora remitirá a oficina de emprego e á Xefatura Territorial correspondente, a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas

seleccionadas como beneficiarias participantes, persoal directivo, docente e administrativo de apoio.

3- Requisitos comúns dos aspirantes:

Para tomar parte neste proceso selectivo todo aspirante deberá reunir os seguintes requisitos:

- a) **Nacionalidade:** Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar as persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas coa nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores; e as demais persoas estranxeiras con residencia legal en España
- b) **Capacidade funcional:** Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño e funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedido polo organismo competente.
- c) **Habilitación:** Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- d) **Compatibilidade:** Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo.

4.-Órgano de selección

Para a xestión do obradoiro constitúírase o órgano de selección, cuxos membros serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por un número impar de membros, funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco (un Presidente, tres Vogais e un Secretario), debendo designarse o mesmo número de suplentes.

Todos os membros do órgano de selección que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto, agás o secretario no caso de Tribunais con catro vocais. Os membros do órgano de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso na cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo e deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

Non poderán formar parte do órgano de selección o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou o persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual, sen que se poida desempeñar esta en representación ou por conta de ninguén.

Segundo as circunstancias do proceso, cando por razóns técnicas ou doutra índole así o aconsellasen, o órgano de selección, por medio da presidencia, poderá dispor a incorporación aos seus traballos con carácter temporal, de asesores especialistas, que limitarán a súa intervención á colaboración que, en función de súas especialidades técnicas, lles solicite o órgano de selección, polo que actuarán con voz pero sen voto.

Os membros do órgano de selección deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Igualmente, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do mesmo cando concorran algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

O órgano de selección non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

As decisións do órgano de selección adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do seu Presidente.

O órgano de selección queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

O órgano de selección a efectos da percepción de asistencias dos seus membros queda englobado na categoría terceira conforme á clasificación prevista no artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. A Alcaldía-Presidencia fixará o número máximo de sesións que poidan devengarse sen prexuízo de que poidan ser ampliadas previa solicitude do Presidente do Tribunal en base a causas xustificadas.

Se, por calquera causa, no momento no que teña lugar as reunións do órgano de selección, algún dos seus compoñentes non puidera acudir, será substituído/a pola persoa que figure na táboa de nomeamento.

5.- Listaxe de reserva:

Rematado o proceso selectivo, a entidade promotora elaborará unha listaxe de reserva integrada polas persoas Candidatas por orde de puntuación.

No caso de producirse unha vacante propoñeráse como sustituto ao alumno-traballador que obtivera maior puntuación, tendo en conta o número de alumnos de cada concello.

Con carácter xeral, esta substitución so se poderá realizar durante os tres primeiros meses de execución do proxecto.

No suposto de que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación pola entidade promotora, iniciárese un novo procedemento de selección, de conformidade co previsto nestas instrucións.

6.- Procedemento de selección alumnado-traballador/a:

- Modalidade, período da contratación e retribucións:

- O alumnado-traballador será contratado por 9 meses a xornada completa (40 horas semanais), baixo a
- modalidade de contrato para a formación e alternancia.
- Horario: de 7:30 a 15:30 horas, de luns a venres.
- Centros de traballo/formación: Escola de Verís-Lugar da Igrexa
- As unidades de obra realizaranse no territorio dos concellos participantes neste Obradorio dual de emprego “Obradoiro forestal Lambre- Mandeo 2026”
- As retribucións a percibir polaS persoas contratadas como alumnos/as traballadores/as serán as correspondentes ao Salario Mínimo Interprofesional

- Requisitos específicos:

- a) Ter 18 ou máis anos de idade
- b) Situación laboral: Persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego.
- c) Cumprir cos requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato de formación en alternancia, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 da orde 14 de novembro de 2025.

Estes requisitos deberán cumprirse tanto momento da selección como no da formalización do contrato de traballo.

- Proceso de preselección:

Unha vez ditada con data 17/04/2026 a resolución de concesión de subvención para o obradoiro dual de emprego “Obradoiro forestal Lambre-Mandeo 2026” (Expediente TR353A-2025/000026-1), a entidade promotora tramitará a correspondente oferta no Servizo Público de Emprego de Galicia, na oficina de emprego da rúa Tornos de A Coruña, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas polo órgano de selección.

Parámetros da oferta

Sistema de selección: Oferta tipo T (“Taller de emprego”)

Localidade: Ámbito dos Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmarior. No caso de non atoparse candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliaríase ao resto dos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

Idade mínima: 18 ou máis anos.

Situación Laboral: Persoas desempregadas, entendéndose nesta situación persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego, sempre que poidan subscribir contrato de formación en alternancia durante toda a duración do obradoiro.

Candidaturas: O número máximo de candidatos/as a preseleccionar será determinado polo órgano de selección, e o mínimo será, se é posible, de 60 (3 por posto). A sondaxe realizarase entre as persoas demandantes con algunha das claves seguintes: 340 (Obradorios de Emprego), 320 (Escola Taller Programas), 330 (Casa de Oficio), 370 (Outros programas de formación de emprego, formación dual) ou 699, a partir dos 18 anos.

As persoas candidatas propostas deben acreditar ter solicitado este servizo a través da súa demanda de

emprego e, dentro destas, priorizarase a aquelas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu IPI e a data da súa inclusión mediante informe de itinerarios e servizos resumido dunha oficina de emprego.

Criterios preferentes de selección

O órgano de selección deberá aplicar os criterios preferentes de selección que figuran no artigo 10 da Orde do 14 de novembro de 2025, (DOG núm. 228, do 25 de novembro de 2025), segundo baremo que se xunta no Anexo I.

As persoas candidatas deberán, cando a formación a impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan ditos certificados.

Na oferta terán preferencia as persoas que solicitasen este servizo a través da súa demanda de emprego e , dentro destas, terán prioridade aquelas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral con anterioridade á resolución da convocatoria, sempre que se encontren dentro dalgunha das especialidades que se van a impartir no obradoiro.

Serán excluídos do proceso aqueles candidatos que incorran en calquera tipo de falsidade documental.

Asemade terán prioridade as persoas demandantes que teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como: as persoas emigrantes retornadas; as mulleres en xeral; as mulleres vítimas de violencia de xénero; as persoas que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego; as persoas paradas de longa duración; as persoas maiores de corenta e cinco anos; as persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior, excepto para os certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 3 en que se require unha maior formación, xa que estes programas van dirixidos ás persoas que, con carácter xeral , carecen dunha cualificación profesional; as persoas con discapacidade sempre que poidan realizar os traballos e as persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia.

- Admisión de aspirantes:

Recibida a relación de candidatos/as, o Alcalde determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do órgano de selección e a hora e lugar para a súa constitución.

O órgano de selección elaborará a listaxe de persoas admitidas ao proceso selectivo. Este listado será publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Aranga e no taboleiro de edictos da sede electrónica (<https://sede.aranga.gal>) e nos taboleiros dos concellos de Vilarmaior, Monfero e Irixoa e no mesmo comunícase aos candidatos/as o prazo para presentar a documentación que se require nestas bases (**Anexo III**).

O órgano de selección redactará as correspondentes actas e remitiraas á Departamento Territorial da Consellería de Promoción do Emprego, Comercio e Emigración (Servizo de Formación e Cualificación para o Emprego), acompañada da relación do alumnado-traballador admitido e excluído, indicando neste último caso a causa ou causas da súa exclusión.

- Selección definitiva

As persoas que non presenten a documentación en prazo, decaerán no seu dereito a seguir participando no proceso de selección.

A selección definitiva dos/as 20 alumnos/as e a súa distribución por especialidades, de ser o caso, será efectuada polo órgano de selección, que aplicará o baremo establecido no anexo I, por medio do que serán avaliados as circunstancias persoais e profesionais dos candidatos remitidos pola oficina de emprego.

No caso de igualdade na puntuación o criterio de desempate será:

- 1.-O maior período de inscrición como demandante de emprego
- 2.-A menor cualificación profesional
- 3.-A idade, tendo preferencia a persoa maior.
- 4.- No ter participado nun Obradorio de Emprego

- Puntuacións finais:

O órgano de selección procederá a establecer as puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento. As ditas puntuacións virán dadas pola suma dos puntos acadados e determinarán a orde de prelación, constituíndo a proposta para a súa posterior contratación como alumno/a pola entidade promotora.

Elaboraranse catro listaxes, unha por cada concello, e, de producirse baixas ou renuncias, recorrerse á listaxe do concello correspondente. De non haber substituto/a, procederase por orde de puntuación e empregando os criterios para dirimir os posibles empates.

Estas listaxes publicaranse no taboleiro de anuncios do concello de Aranga e no taboleiro de edictos da sede electrónica do Concello de Aranga (<https://sede.aranga.gal>) e nos taboleiros dos concellos de Vilarmarior, Monfero e Irixoa.

Os aspirantes disporán dun prazo de dous (2) días hábiles, contando dende o seguinte ó da publicación da antedita listaxe no taboleiro de anuncios do Concello de Aranga para presentar as reclamacións e emendas que estimen oportunas en relación coa baremación.

Resoltas as posibles alegacións e correccións ou transcorrido o prazo sen terse presentado ningunha, o tribunal fará publicas no taboleiro de anuncios do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Aranga a listaxe definitiva de aspirantes que tiveran superado o proceso sen obter praza coa puntuación obtida por orde de maior a menor xunto coa relación definitiva dos aspirantes aprobados tamén pola orde da puntuación obtida.

Así mesmo, esta relación de aprobados presentarase ao Sr. Alcalde coa proposta para a súa contratación. O órgano de selección non poderá aprobar nin incluír na proposta de nomeamento un número superior de aspirantes ao de prazas que se convocaran, resultando nulo de pleno dereito calquera acordo que contraviñese o disposto por esta norma.

Elaborada a listaxe do alumnado-traballador/a propostos, o Concello de Aranga deberá remitila á correspondente oficina de emprego que deberá verificar que compren con todos os requisitos para poder participar no proceso. Se algún dos alumnos propostos non cumprira ditos requisitos a oficina de emprego comunicarllo ao Concello de Aranga para que poida ser substituído pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

Con obxecto de subscribir o contrato laboral as persoas seleccionadas terán un prazo de dous (2) días hábiles contados a partir da publicación da relación definitiva dos aspirantes seleccionados no taboleiro de anuncios do concello de Aranga, para achegar a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos comúns dos aspirantes:

1. Declaración responsable de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado membro, Declaración xurada de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.

2.- Declaración responsable de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión

3.- Certificado médico sen prexuício do posterior recoñecemento realizado polo Servizo de Preención polo que se acreditará que non padece enfermidade ou defecto físico que, pola súa natureza e grao, imposibilite o desempeño das funcións propias da praza, salvo que no prazo de dous (2) días hábiles contados a partir da publicación da relación definitiva dos/as aspirantes aprobados/as no Taboleiro de anuncios do Concello, presente certificación médica ou Informe de saúde actualizado acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo ao que aspira expedido polo facultativo pertinente.

Os /as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar Certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado, dos órganos ou da Administración sanitaria, acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Aportada a documentación esixida nestas bases e acreditados a totalidade dos requisitos, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento dos aspirantes propostos e formalizará o correspondente contrato laboral, para o comezo da prestación do servizo no prazo que se lle indique.

Non obstante, a non presentación en prazo da documentación exixida nestas Bases e agás os casos de forza maior, ou cando do exáme da mesma e/ou do recoñecemnto médico, dedúzase que carecen dalgún dos

requisitos, non poderán ser nomeados e quedarán anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberan incorrido por falsidade na solicitude de participación.

- Características do contrato:

-Tipo de contrato: contrato de formación en alternancia (código 421-Formación) que levará implícitas as peculiaridades recollidas no artigo 13.2 da Orde do 07 de febreiro de 2024 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

7.- Selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio:

7.1.- Normas xerais

Unha vez ditada a resolución de concesión de subvención para o obradoiro dual de emprego “Obradoiro Forestal Lambre-Mandeo 2026” Expediente TR353A-2025/000026-1), terase en conta o establecido no art. 10 da Orde do 14 de novembro de 2025 e na Instrucción de data 17/04/2026 da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, polo que a entidade promotora tramitará a correspondente oferta de emprego na oficina de emprego, para logo proceder á selección definitiva dos/as candidatos/as entre as persoas preseleccionadas pola oficina de emprego.

Polo tanto, neste obradoiro de emprego o procedemento utilizado consistirá na oferta de emprego, correspondéndolle á entidade promotora determinar o perfil, as características e os requisitos que deben cumprir as persoas candidatas cuxos méritos presentados serán avaliados conforme aos baremos que se achegan nas páxinas seguintes.

Para a xestión e desenvolvemento do obradoiro contratarase ao seguinte persoal para o obradoiro de emprego:

- 1 director/a (xornada completa)
- 2 mestres da especialidade Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (xornada completa)
- 2 mestre/s de formación complementaria (ensino básico-titor/xestión empresarial) (ao 50 % da xornada)
- 1 auxiliar administrativo (ao 50 % da xornada)

- Procedemento selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio:

A selección do persoal directivo, docente e de apoio participante no proxecto será realizada pola entidade promotora mediante procedemento específico atendendo ás prioridades do proxecto , aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade.

Neste obradoiro de emprego a entidade promotora procederá a realizar a oferta de emprego na oficina de emprego, para logo proceder á selección definitiva dos/as candidatos/as entre as persoas preseleccionadas

pola oficina de emprego. , correspondéndolle á entidade promotora determinar o perfil, as características e os requisitos que deben cumprir as persoas candidatas cuxos méritos presentados serán avaliados conforme aos baremos que se achegan nas páxinas seguintes.

Cumpriránse os requisitos mínimos e os criterios de preferencia establecidos nas correspondentes orde de convocatoria e instrucións (artigo 11 da Orde da convocatoria).

Determinase que o número máximo de candidatos/as a preseleccionar para cada praza, debendo considerar, na medida do posible, 5 candidatos/as por posto.

O ámbito da sondaxe será os Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmajor, ampliándose, no caso de non se obter o número de candidatos/as suficiente, aos outros concellos do ámbito territorial da oficina de emprego a que pertencen os concellos promotores e de ser necesario, a toda a provincia.

O proceso de selección constará da baremación de méritos aportados polas persoas candidatas.

Os candidatos a docentes, para seren validados, deben cumprir o disposto no artigo 168 do Real Decreto 659/2023.

- Presentación de instancias

Recibida a relación de candidatos/as o órgano de selección elaborará a listaxe de persoas admitidas ao proceso selectivo, así como a composición do órgano de selección.

Este listado será publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Aranga e no taboleiro de edictos na sede electrónica do Concello de Aranga (<https://sede.aranga.gal>)e nos taboleiros dos concellos de Vilarmajor, Monfero e Irixoa e no mesmo comunícase aos candidatos/as o prazo para presentar a documentación que se require nestas bases.

As persoas candidatas preseleccionadas pola oficina de emprego que desexen participar na presente Convocatoria deberán presentar instancias dirixidas ao Sr. Alcalde segundo o modelo que figura nas Bases desta convocatoria (**ANEXO II**) debendo acreditar axeitadamente os requisitos de titulación e experiencia profesional. De no ter acreditados os requisitos solicitados, quedarán excluídas do proceso selectivo.

Tamén serán excluídos do proceso aqueles candidatos que incorran en calquera tipo de falsidade documental.

As instancias, segundo modelo ANEXO II, poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, na súa Sede Electrónica ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Se consonte a este precepto se presentara a instancia vía correo, deberá aparecer na devandita solicitude o selo da correspondente oficina de correos e comunicárselle simultaneamente ao concello a realización do envío ben por fax ou ben por correo electrónico (correo@aranga.gal) co fin de que, rematado o prazo de presentación de instancias, sen telas

recibido, se pospón a elaboración da relación de admitidos/as e excluídos/as provisional ata recibir a documentación remitida polo/a aspirante; noutro caso, só a data de inscrición da instancia no Rexistro Xeral do Concello será a que se teña en conta para todos os efectos.

Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán achegar, inescusablemente copia simple da seguinte documentación:

- a) Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- b) Documentación que acredite o cumprimento dos requisitos específicos establecidos nestas bases.
- c) Copias simples da documentación necesaria para a valoración de méritos que aleguen para cada posto ao que opten. Só se terán en conta para o concurso os méritos os debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de solicitudes; e non serán obxecto de toma en consideración e valoración, os que non foxen alegados no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias.
- d) Copia simple do documento xustificativo de estar en posesión do nivel de coñecemento da lingua galega esixido, no seu caso.

Os/as aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentarán os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa da dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, de ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ó seu cargo. Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ao mercado laboral en España.

Os /as aspirantes con algunha discapacidade terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa da mesma. Así mesmo terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria

Para que teñan validez neste proceso selectivo, todos os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar debidamente traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeran constar na súa solicitude, podendo unicamente solicitar a súa modificación mediante escrito motivado dentro do prazo de presentación de instancias.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do/a aspirante.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada una das Bases desta Convocatoria.

- Documentación para acreditar os méritos:

- Acreditación da experiencia profesional por conta allea. Será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social, que se acompañará de copia de contratos, nómina, certificado de empresa ou outro documento onde se especifique a categoría profesional e o tempo traballado. Non se teñen en conta as experiencias que non figuren no informe de vida laboral.

- Acreditación da experiencia profesional por conta propia. Será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social no que se especifiquen os períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente e descrición da actividade desenvolvida, así como a alta no IAE (actualizada). Ademais, xustificarase o traballo efectivo no período de alta na SS coa presentación de facturas, libros de contas ou calquera outro medio válido en dereito no que consten os servizos prestados. Non se teñen en conta as experiencias que non figuren no informe de vida laboral.

- Acreditación das titulacións complementarias e das accións de formación. Deben ser outorgadas ou impartidas por universidades e centros de formación públicos, administracións públicas, escolas oficiais da administración pública, colexios oficiais ou incluídos nos plans de formación continua. Deben acreditarse coa presentación de titulacións, certificacións de asistencia ou diplomas; debe constar o número de horas, as datas de celebración e os contidos impartidos. En caso de ter participado en varias accións formativas sobre a mesma materia, serán excluídos os de duración inferior.

- Acreditación do coñecemento da lingua galega (Apto/a ou non apto/a): Para os aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega segundo o establecido nos requisitos específicos deberán realizar unha proba de carácter obrigatorio e eliminatorio que consistirá en traducir nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de dicionario, un texto de castelán a galego, e outro de galego a castelán, propostos polo Tribunal. Este exercicio valorarase como aspirante apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondendo ao órgano de selección determinar o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar dito resultado.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

Os requisitos esixidos para participar no proceso selectivo non serán obxecto de baremación. Os méritos baremables deben estar en todo caso relacionados coas funcións a desenvolver.

- Admisión dos aspirantes:

O órgano de selección elaborará a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión ao proceso selectivo. Dita listaxe será publicada no taboleiro de anuncios de

Aranga e no taboleiro de edictos da sede electrónica do concello de Aranga (<https://sede.aranga.gal>) e nos taboleiros dos concellos de Vilarmajor, Monfero e Irixoa e será determinante para os efectos de posibles reclamacións.

Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de un (2) días hábiles, contado desde o seguinte ó da publicación da antedita resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Aranga para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a alcaldía.

Aprobada a listaxe definitiva de admitidos e excluídos, publicarase no taboleiro de anuncios de Aranga e no taboleiro de edictos da sede electrónica do concello de Aranga (<https://sede.aranga.gal>) e nos taboleiros dos concellos de Vilarmajor, Monfero e Irixoa.

Na dita resolución sinalarase a composición do órgano de selección, hora e lugar para a súa constitución.

- Selección definitiva dos candidatos/as:

A selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio será efectuada polo órgano de selección que aplicará o baremo de méritos establecido para cada posto no apartado de especificacións e no seu caso as probas de acreditación do coñecemento da lingua galega.

Os casos de empate resolveranse aplicando a seguinte orde de prelación:

- 1- Maior tempo acreditado como desempregado (derradeira inscrición na oficina de emprego)
- 2- Completar na súa totalidade, como directivo o docente, programas ou obradoiros duais de emprego subvencionados pola consellería competente en materia de emprego da Xunta de Galicia
- 3- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional
- 4- De estar previstas nas bases, a puntuación outorgada no apartado de experiencia docente
- 5- A puntuación correspondente ás titulacións complementarias
- 6- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados
- 7- Maior idade.

- Puntuacións finais:

